

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011865	CPR Quiñones de León	Vigo	2025/2026

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	3
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	6
c.1) Tempo de lectura e práctica da oratoria	6
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	7
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	8
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	8
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	8
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	9
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	9
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	10
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	11
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	11
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	12
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	12
o) Outros apartados	13

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

Os obxectivos a ter en conta serán os indicados no artigo 7 dos decretos 150/2022 do 8 de setembro (EI), 155/2022 (EP), 156/2022 (ESO) do 15 de setembro e adecuados nas distintas programacións docentes das etapas.

Faremos especial fincapé non obstante, por ser obxectivos comúns ás tres etapas:

- 1- O respecto e aprecio das normas de convivencia, aprendendo desde cativos a exercitarse no uso da empatía e da resolución pacífica de conflitos, a prepararse para, ao ir medrando, o exercicio activo da cidadanía, e para aprender a respectar os dereitos humanos e a pluralidade propias dunha sociedade democrática.
- 2- Desenvolver hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo.
- 3- Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo en valor mulleres e homes salientables, como base para coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos doutras culturas.
- 4- Desenvolver a igualdade entre homes e mulleres, o respecto por todos e todas, sexa cal for a súa etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- 5- Coñecer o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas. Afianzar os hábitos de coidado e saúde persoal e social. Valorando e criticando os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado persoal, etc.
- 6- Fortalecer as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas.
- 7- Fornecer a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

As competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, a súa empregabilidade, integración social, estilo de vida sostible, éxito na vida en sociedades pacíficas, modo de vida saudable e cidadanía activa.

Desenvólvense coa perspectiva de aprendizaxe permanente, dende a primeira infancia ata a vida adulta, e mediante a aprendizaxe formal e non formal en todos os contextos: a familia, o centro educativo, etc.

Aspectos fundamentais das Competencias Clave para a aprendizaxe permanente:

-Identifícanse cos desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo, e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais.

-A etapa de Educación Infantil supón o inicio do proceso de adquisición das competencias clave.

-Non se refírense ás capacidades que se alcanzan ou non, senón que se corresponden cunha instrución global a medida que se desenvolven, a través da cal cada individuo pode ir demostrando un determinado grao de dominio das mesmas.

-Non soen traballarse por separado senón de forma conxunta, de maneira transversal e dende varias áreas de coñecemento. -Están ligadas á aprendizaxe permanente polo que se deben traballar en todas as etapas educativas.

-Constitúen o obxectivo máximo da educación e formación pois preparan ao alumnado para cando abandonen o sistema educativo.

-Deben contemplarse coma un compendio de habilidades, destrezas, actitudes, valores, emocións, conceptos, coñecementos e saberes diversos.

A LOMLOE define as competencias clave coma os desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo, e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais.

Forman parte esencial do currículo, definido como o conxunto de obxectivos, competencias, contidos enunciados en forma de saberes básicos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada unha das aprendizaxes.

Para a etapa de Educación Infantil determínanse distintas competencias específicas que constitúen un elemento de conexión entre, por unha parte, as competencias claves e, por outra, os saberes básicos das áreas e criterios de avaliación.

Sinalamos a continuación os aspectos máis salientables para a educación Infantil:

CCL-Competencia en comunicación lingüística.

Poténcianse intercambios comunicativos respectuosos. A oralidade é o principal instrumento para a comunicación, a expresión e a regulación da conduta, o vehículo principal que lles permite ás nenas e aos nenos gozar dun primeiro achegamento á cultura literaria a través das rimas, das ladaíñas,...

CP-Competencia plurilingüe.

Iníciase o contacto con linguas e culturas distintas da familiar, co fin de fomentar nas nenas e nos nenos as actitudes de respecto e aprecio pola diversidade lingüística e cultural.

STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.

As nenas e os nenos iníciáanse nas destrezas lóxico-matemáticas e dan os primeiros pasos cara ao pensamento científico a través do xogo, da manipulación e da realización de experimentos sinxelos.

CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

Inicio do recoñecemento, na expresión e do control progresivo das súas propias emocións e sentimentos e que avancen na identificación das emocións e dos sentimentos dos demais, así como no desenvolvemento de actitudes de comprensión e empatía.

CC-Competencia cidadá.

Ofrecer modelos positivos que favorezan a aprendizaxe de actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade, igualdade, inclusión e convivencia e que ofrezan pautas para a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.

CE-Competencia emprendedora.

A educación infantil é unha etapa na que se estimulan a curiosidade, a iniciativa, a imaxinación e a disposición para indagar e crear mediante o xogo, as actividades dirixidas ou libres, os proxectos cooperativos e outras propostas de aprendizaxe, o cal supón unha oportunidade para potenciar a autonomía e materializar as ideas persoais ou colectivas.

CCEC-Competencia en conciencia e expresión culturais.

Foméntase nesta etapa a expresión creativa de ideas, sentimentos e emocións a través de diversas linguaxes e distintas formas artísticas.

Para as etapas de educativas de Primaria e Secundaria, a nova lexislación, propón que para cada unha das competencias clave se definan un conxunto de descritores operativos. Estes constitúen, xunto cos obxectivos da etapa, o marco referencial a partir do que se concretan as competencias específicas de cada área, ámbito ou materia. Introdúcese o chamado *Perfil de saída* do alumno, que identifica e define as competencias clave que se espera que o alumnado teña desenvolvido ao completar o seu itinerario formativo.

Sinalamos a continuación os aspectos máis salientables para a educación Primaria e Secundaria:

CCL-Competencia en comunicación lingüística.

Supón interactuar de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos e con diferentes propósitos comunicativos. Implica mobilizar, de maneira consciente, o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes que permiten comprender, interpretar e valorar criticamente mensaxes orais, escritos, signados ou multimodais evitando riscos de manipulación e desinformación, así como comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira cooperativa, creativa, ética e respectuosa. Constitúe a base para o pensamento propio e para a contrución do coñecemento en todos os ámbitos do saber. O seu desenvolvemento está vinculado á reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua nos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento, así como aos usos da oralidade, a escritura, a signación para pensar e para aprender. Fai posible apreciar a dimensión estética da linguaxe e desfrutar da cultura literaria.

-Coñecementos de vocabulario, a gramática funcional e as funcións da linguaxe.

-Comunicación de forma oral e escrita en múltiples situacións e adaptar a propia comunicación aos requisitos do contexto.

-Habilidades para distinguir e utilizar distintos tipos de fontes, buscar, recopilar e procesar información.

-Construción do pensamento crítico.

-Disposición ao diálogo contrutivo, podendo formular e expresar os propios argumentos orais e escritos de forma convincente e adaptada ao entorno.

CP-Competencia plurilingüe.

Define a habilidade de utilizar distintas linguas de forma axeitada e efectiva para a comunicación. Baséase na habilidade de comprender, expresar e interpretar conceptos, pensamentos, sentimentos, feitos e opinión de forma oral e escrita en diversos contextos sociais e culturais.

-Coñecementos do vocabulario, gramática funcional das distintas linguas, dos tipos de interacción verbal e das convencións sociais dos aspectos culturais e da diversidade lingüística.

-Habilidade para entender mensaxes orais, de iniciar, manter e concluír conversacións e de ler, entender e producir textos, con distintos niveis de competencia en distintas linguas.

-Aprender idiomas de maneira formal, non formal e informal ao longo de toda a vida.

-Actitude positiva cara á apreciación da diversidade cultural, e interese e curiosidade polas distintas linguas e a comunicación intercultural.

-Respecto polo perfil lingüístico individual de cada persoa.

STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.

A competencia matemática: Implica a comprensión do mundo empregando métodos científicos, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía e os métodos de enxeñería para transformar o entorno de forma comprometida, responsable e sostible. Permite desenvolver e aplicar a perspectiva e o razoamento matemáticos co fin de resolver diversos problemas en diferentes contextos.

A competencia en ciencia: Conleva a comprensión da contorna natural e social, empregando un conxunto de

coñecementos e metodoloxías, incluídas a observación e a experimentación, co fin de plantexar preguntas e extraer conclusións baseadas en probas para poder interpretar e transformar o mundo natural e o contexto social.

A competencia en tecnoloxía e enxeñería: Comprende a aplicación dos coñecementos e metodoloxías propios das ciencias para transformar a nosa sociedade de acordo coas necesidades ou desexos das persoas nun marco de seguridade, responsabilidade e sustentabilidade.

-Coñecemento dos números, medidas, estruturas, operacións básicas e termos e conceptos matemáticos.

-Aplicar os principios e os procesos matemáticos básicos en situacións cotiás da vida privada e profesional.

-Comprensión dos principios básicos da natureza dos conceptos, teorías, principios e métodos científicos fundamentais e da tecnoloxía e os produtos e procesos tecnolóxicos.

-Comprensión da incidencia que ten a ciencia, a tecnoloxía, a enxeñería e a actividade humana na natureza.

-Comprensión dos avances, as limitacións e os riscos das aplicacións da tecnoloxía nas sociedades.

-Habilidades para utilizar e manipular ferramentas e máquinas tecnolóxicas.

-Recoñecer os rasgos esenciais da investigación científica.

-Actitude de xuízo e curiosidade críticos, e inquietude polas cuestións éticas e o respaldo á seguridade e a sustentabilidade medioambiental.

CD-Competencia dixital.

Implica o uso seguro, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, no traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas. Inclúe a alfabetización en información e datos, a comunicación e a colaboración, a alfabetización mediática, a creación de contidos dixitais (incluída a programación), a seguridade (incluído o benestar dixital e a ciberseguridade), asuntos relacionados coa propiedade intelectual, a resolución de problemas e o pensamento crítico.

-Comprender os principios xerais, os mecanismos e a lóxica subxacentes á evolución das tecnoloxías dixitais.

-Coñecer a función e o uso básico dos distintos dispositivos, o software e as redes.

-Visión crítica da validez, a fiabilidade e o impacto da información e os datos obtidos por medios dixitais.

-Recoñecemento dos principios legais e éticos que implican o uso das tecnoloxías dixitais, usando estas ferramentas de forma responsable.

-Utilizar, acceder, filtrar, avaliar, crear, programar e compartir contidos dixitais, xestionar e protexer a información, os contidos, os datos e as identidades dixitais.

CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

É a habilidade de reflexionar sobre un mesmo, xestionar o tempo e a información eficazmente, colaborar con outros de forma construtiva, manter a resiliencia e xestionar a aprendizaxe propia. Inclúe a habilidade de facer fronte á incertidume e á complexidade de aprender, contribuír ao propio benestar físico e emocional, conservar a saúde física e mental, sendo quen de levar unha vida saudábel, expresar empatía e xestionar os conflitos nun contexto integrador e de apoio.

-Códigos de conduta e normas de comunicación xeralmente aceptados nas distintas sociedades e contornas.

-Ser consciente das estratexias de aprendizaxe que un prefire e coñecer as propias necesidades de desenvolvemento.

-Buscar oportunidades laborais, de educación e formación máis oportunas posibles ao longo de toda a vida.

-Habilidade para aprender e traballar de forma tanto colaborativa coma autónoma.

-Tolerancia para expresar e comprender puntos de vista diferentes, así como a habilidade de inspirar confianza e sentir empatía.

-Respecto cara á diversidade dos demais e as súas necesidades.

CC-Competencia cidadá.

É a habilidade de actuar coma cidadáns responsables e participar plenamente na vida social e cívica, baseándose na comprensión dos conceptos e estruturas sociais económicas, xurídicas e políticas, así como a sustentabilidade e os acontecementos mundiais.

-Conceptos e fenómenos básicos relativos ao individuo, ao grupo, á organización do traballo, a sociedade, a economía e a cultura.

-Comprensión de valores comúns europeos, dos acontecementos contemporáneos, e unha comprensión crítica dos acontecementos máis destacados da historia nacional, europea e mundial.

-Interactuar eficazmente con outras persoas no interese común ou público, incluído o desenvolvemento sostible da sociedade.

-Capacidade de pensamento crítico e resolución de problemas integrada, tomando decisión a todos os niveis, do local e nacional ao europeo e internacional.

-Respecto polo dereitos humanos.

-Participación na toma de decisión democráticas en todas as actividades cívicas.

-Apoio á diversidade social e cultural, á igualdade de xénero e á cohesión social, fomento da cultura da paz e a non violencia.

CE-Competencia emprendedora.

Refírese á capacidade de actuar en relación a oportunidades e ideas e transformalas en valores para outros. Baséase

na creatividade, o pensamento crítico e a resolución de problemas, en tomar a iniciativa, a perseverancia e a habilidade de traballar de maneira colaborativa na planificación e xestión de proxectos de valor financeiro, social ou cultural.

-Saber que existen diferentes contextos e oportunidades para materializar as ideas en actividades persoais, sociais e profesionais, e entender como xorden.

-Principios éticos e desafíos de desenvolvemento sostible.

-Creatividade, imaxinación, pensamentos estratéxico, resolución de problemas e reflexión crítica e construtiva dentro dos procesos creativos e a innovación.

-Traballar individualmente e en equipo, comunicarse eficazmente e negociar con outros.

-Sentido da iniciativa, proactividade e visión de futuro.

-Valentía e perseverancia na consecución de obxectivos.

-Forza para facer fronte á incertidume, á ambigüidade e ao risco.

CCEC-Competencia en conciencia e expresión culturais.

Implica comprender e respectar a forma en que as ideas e o significado se expresan de forma creativa e se comunican nas distintas culturas, así como a través dunha serie de artes e outras manifestacións culturais. Implica esforzarse por comprender, desenvolver e expresar as ideas propias e un sentido de pertenza á sociedade ou de desempeñar unha función nesta en distintas formas e contextos.

-Coñecemento das culturas e expresións locais, nacionais, rexionais, europeas e internacionais.

-Comprensión das distintas formas de comunicación, textos escritos, impresos e dixitais, o teatro, o cine, a danza, os xogos, a arte e o deseño, a música, os rituais e a arquitectura, así como as formas híbridas.

-Valoración do patrimonio cultural.

-Actitude aberta cara ás diversas manifestacións culturais e respecto cara a elas.

-Plantexamento ético e responsable da propiedade intelectual e cultural.- Actitude positiva e curiosidade polo mundo.

-Vontade de participar en experiencias culturais.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

1- Os elementos transversais serán tratados nas materias ou áreas coas que máis relación teñan, aínda que poderán ser tratados en todas elas.

2- Escolleráanse os elementos transversais polo menos mínimos que indican os distintos decretos das etapas de EI, EP e ESO e serán desenvolvidos en cada programación didáctica, incluíndo a lectura diaria como base para a comprensión oral e escrita en Infantil e Primaria.

3- Segundo as etapas escolleranse aqueles que o profesorado considere que se axeitan mellor aos centros de interese do alumnado.

4- Aproveitar calquera situación conxuntural para traballar os elementos transversais que se relacionen.

5- Relacionais coas celebracións específicas programadas ao longo do curso: 25 de novembro, 30 de xaneiro, semana do libro, Letras Galegas, etc.

6- Escoller actividades complementarias directamente relacionadas con eles fixadas por cada ciclo e departamento.

c.1) Tempo de lectura e práctica da oratoria

Criterios de organización e decisións para cada etapa educativa e/ou cursos e/ou áreas/materias/ámbitos

- Coa fin de mellorar a adquisición das competencias comunicativas do alumnado estableceuse, seguindo as directrices dos artigos décimo primeiro da resolución do 5 de xuño de 2025, un tempo diario dedicado á lectura. Criterios de organización e decisión para cada etapa: PLAN DE LECTURA, ESCRITURA E ACCESO Á INFORMACIÓN. Obxectivos: - Fomentar o hábito e o dominio da lectura e da comunicación. - Desenvolver as competencias clave. - Potenciar as extratexias de comprensión de todo tipo de textos e imaxes Metodoloxía: - Tratamento transversal e interdisciplinario. - Participación de todo o profesorado. - Implicación de todas as áreas e materias. - Aproveitar as actividades e proxectos habituais do Centro. Temporalización: E.I. 30 minutos todos os días. E.P. 25 minutos todos os días ESO dado que hai materias e áreas que xa adican tempo de lectura semanal proporcional ás horas impartidas, normalmente áreas de linguas, propuxemos este curso que todas as materias adicasen semanalmente un tempo ao traballo de comprensión de todo tipo de textos e imaxes.

Estratexias para a organización, coordinación e mediación do "Tempo de lectura"

En E.I. e E.P. será o/a profesor/a titor/a o encargado da organización deste tempo, tendo en conta a metodoloxía antes sinalada. Será quen escolla o tipo de textos e imaxes a traballar e quen valorará, oídos os equipos docentes, a consecución dos obxectivos propostos. A metodoloxía e as estratexias a seguir dependerán do curso e do alumnado e teranse en conta as propostas da biblioteca e do Plan de lectura do Centro e a inclusión nos diferentes proxectos que o Centro leva a cabo durante o curso.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

A metodoloxía do Centro depende da etapa educativo e incluso das distintas características de cada clase. En xeral, hai uns principios comúns aplicables:

- 1- Flexibilidade para adaptar os principios metodolóxicos xerais da etapa aos casos específicos. Este aspecto é especialmente importante nas medidas de atención á diversidade.
- 2- Participación do alumnado na medida en que implicando a este no proceso de ensino-aprendizaxe e fuxindo, en xeral, das clases maxistras, melloran os resultados.
- 3- Adaptación da temporalización tanto nas unidades didácticas en función do curso como incluso no tempo asignado ás probas para o alumnado de atención á diversidade.
- 4- Usos de recursos dixitais (aulas, aula virtual). trátase de dar cumprimento dos obxectivos do Plan dixital para favorecer a aprendizaxe das materias e a innovación e formación dos docentes e alumnado nas TIC.
- 5- Cooperatividade: certas materias préstanse a desenvolver traballos en equipo, o que implica aprender a escoitar e ser crítico, a organizar ideas, a respectar as opinión alleas e a presentar, de xeito oral ou escrito, un traballo escolar.
- 6- Actividades complementarias: axudan a completar a dinámica habitual da aula e a formar o alumnado en aspectos prácticos do que están a traballar, a desenvolver, e nos últimos cursos, a posibilidade de atopar vocacións laborais.
- 7- Axuda personalizado ao alumnado incluído en programas de atención á diversidade: trátase de que o alumnado con maiores dificultades ou altas capacidades teñan a opción de ser atendidos en pequenos grupos cun tratamento máis persoal.
- 8- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas deseñando actividades que permitan establecer aos alumnos relacións substantivas entre os coñecementos e experiencias previas e as novas aprendizaxes.
- 9- Aprendizaxe por competencias: Deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado a adquisición ou desenvolvemento de máis dunha competencia ao mesmo tempo.
- 10- Garantir no proceso do ensino a funcionalidade das aprendizaxes co fin de asegurar que poidan ser utilizadas nas circunstancias reais nas que o alumno as necesita.
- 11- Posibilitar que o alumno realice aprendizaxes significativas por si mesmo, é dicir, que sexan capaces de aprender a aprender, desenvolvendo habilidades e estratexias de planificación e regulación da propia actividade de aprendizaxe.
- 12- Preocuparse, nos proxectos e programacións, por reforzar os aspectos prácticos.
- 13- Crear un clima de aceptación mutua e cooperación que favoreza as relacións entre iguais, a coordinación de intereses e a superación de calquera tipo de discriminación.
- 14- Prestar especial atención aos problemas que se presentan en relación á autoestima e equilibrio persoal e afectivo.
- 15- Converterse en protagonista do proceso de aprendizaxe e non en mero transmisor de coñecementos.

Recomendacións metodolóxicas ao inicio de curso.

Ao principio de curso manterase unha ou varias sesións informativas co alumnado en cada materia sobre os seguintes aspectos:

- Presentación persoal do profesor/ profesora.
- Conceptos, procedementos e actitudes a desenvolver na aula.
- Secuenciación aproximada da materia.
- Metodoloxía de traballo na aula.
- Procedementos e técnicas utilizadas para a avaliación.
- Enumeración dos obxectivos da materia.
- Criterios de avaliación a seguir.
- Realizar unha avaliación inicial que permita determinar o nivel de desenvolvemento do alumnado e realizar a necesaria adaptación curricular.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Os criterios xerais para a etapa de Educación Infantil, tanto de elaboración propia como manuais das distintas editoriais, foron seleccionados en función de:

- Os obxectivos que se plantexan dentro da etapa.
- As situacións educativas.
- O nivel de desenvolvemento do alumnado.
- As situacións que desexamos propiciar.
- Relacionado coas dúas linguas oficiais, de tal xeito que se cumpra a normativa vixente.
- A súa seguridade.
- A súa resistencia e durabilidade.
- Fácil de manexar.
- Atractivos e polivalentes.
- Ubicado dentro da aula de tal xeito que estea ao alcance de todo o alumnado.

Os criterios xerais para a etapa de Educación Primaria e Secundaria, tanto de elaboración propia como manuais das distintas editoriais foron seleccionados en función de:

- A súa adecuación ao contexto educativo do centro.
- A correspondencia cos obxectivos, contidos, criterios de avaliación do proxecto curricular.
- A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
- Encádrase con coherencia no Proxecto curricular.
- Están axeitados ao nivel de desenvolvemento e maduración do alumnado.
- Asegura a realización de aprendizaxes significativas.
- Potencia o uso de técnicas de traballo variadas.
- Integra de forma plena a presenza dos temas transversais.
- É motivador cara o estudo e as aprendizaxes.
- Presenta actividades de reforzo e ampliación.
- Permite a atención á diversidade.
- Inclúe actividades que potencien o uso das novas tecnoloxías e o tratamento da información dixital.
- As informacións son exactas, actuais, rigurosas e están adaptadas aos niveis do alumnado.
- Presenta materiais complementarios que facilitan o desenvolvemento do proceso docente.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

A oferta educativa do centro é a que segue:

- 2º ciclo ed. infantil: 2 cursos
- Ed. primaria: 6 cursos
- ESO: 4 cursos

O centro só ten unha liña.

En 3.º da ESO, o centro oferta como optativas: Segunda lingua estranxeira (francés) e Educación dixital.

En 4.º da ESO, o centro oferta como materias de opción:

- Bioloxía e xeoloxía.
 - Física e química ou Latín.
 - Expresión artística ou Segunda lingua estranxeira (francés).
- E oferta, en 4.º da ESO, como materia optativa: Cultura clásica.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

O deseño das actividades complementarias corresponde, por unha banda, ao claustro de profesores para aquelas de ámbito común (Magosto, Entroido, saída fin de curso, etc.) e aos departamentos/ciclos na primeira reunión do curso, para as propias do departamento/ciclo.

Estas actividades preséntase no Consello escolar na primeira convocatoria do curso ou noutras posteriores se algunha delas aínda non estaba fixada nesa data.

En canto ás do departamento/ciclo, as propostas iniciais non impiden que se recibe algunha outra proposta

interesante ao longo do curso sexa valorada e se inclúa na memoria final.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Aplicaranse os recollidos na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Artigo 51.

Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado tutor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

3. O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporización.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación da información á familia.

Elaboraranse modelos concretos consensuados que serán entregados aos departamentos e equipos de ciclo.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Aplicaranse os recollidos na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Artigo 50.

Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso

1. Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permaneza un ano máis no mesmo curso, debe seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado tutor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

2. O plan específico de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

3. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Artigo 52.

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

1. Cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permaneza un ano máis no mesmo curso debe seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás

necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaboraráo o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

2. O plan específico personalizado debe incluír, cando menos: a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.

c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.

d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.

e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.

f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.

g) Acreditación da información á familia.

3. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Elaboraranse modelos concretos consensuados que serán entregados aos departamentos e equipos de ciclo.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Aplicaranse os criterios establecidos nas ordes seguintes:

- Orde do 30 de maio de 2023, pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

- Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

- Orde do 26 de maio de 2023, pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

- Resolución do 5 de xuño de 2025 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no réxime ordinario no curso 2025/26.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN EN EDUCACIÓN PRIMARIA

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do titor/a.

Nos cursos impares (primeiro, terceiro e quinto) a promoción é automática e, polo tanto, non se pode repetir.

A decisión de permanencia no mesmo curso será adoptada de xeito colexiado, unha vez oída a información do titor/a, e só poderá adoptarse unha vez durante a etapa.

Considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN / TITULACIÓN EN ESO

PROMOCIÓN

Ao finalizar cada curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do alumno/a, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os seguintes criterios:

-Promocionará de curso o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativanunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

-Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a promoción dun alumno/a sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculado/a nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa lle permite seguir con éxito o curso seguinte.

c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

d) Que o equipo docente considere que a promoción beneficiará a súa evolución académica.

En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio.

TITULACIÓN

Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do alumno/a, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios seguintes:

-Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados.

-Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dun alumno/a sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculado/a nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a xuízo do equipo docente o alumno/a adquirise as competencias establecidas.

c) Que a xuízo do equipo docente o alumno/a alcanzase os obxectivos da etapa.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Criterios segundo o establecido na Orde do 26 de maio de 2023:

A mención de matrícula de honra decidírase na avaliación final de cuarto curso de ESO segundo as normas seguintes:

1. Optarán a esta distinción os alumnos/as de cuarto curso que na avaliación final obteñan unha nota media do curso igual ou superior a nove.

2. A mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnos/as que corresponda ao enteiro máis próximo ao 5% do total de matriculados/as nese curso.

3. En caso de que cumpran o requisito 1. varios alumnos/as, aplicaranse os seguintes criterios de desempate na orde en que aparecen:

a) A maior nota media en cuarto curso.

b) A maior nota media en toda a etapa.

4. A obtención da mención quedará consignada nos documentos de avaliación do alumno/a.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

As programacións seguirán as directrices dos decretos:

- DECRETO 150/2022 do 8 de setembro (DOG 9 de setembro) para a educación infantil (artigo 14).

- DECRETO 155/2022 do 15 de setembro (DOG 26 de setembro) para a educación primaria (artigo 15).

- DECRETO 156/2022 do 15 de setembro (DOG 26 de setembro) para ESO (artigo 16)

Estas programacións elaboraranse na aplicación PROENS (tanto as xerais como as correspondentes a alumnado con ACS).

A avaliación das programacións farase seguindo os seguintes puntos:

- Se está ben estruturada verticalmente e e hai, polo tanto, coherencia interna.

- Se a temporalización foi a axeitada e deuse o programado ou cómpre cambiar algún contido/unidade didáctica que non se deu e debe impartirse no curso seguinte.

- Se os criterios de avaliación son os axeitados en relación coas unidades didácticas.

- Se os sistemas de recuperación de avaliacións, exames finais e recuperación de cursos anteriores foron axeitados e deron resultado no alumnado que preparou a materia.

- Se os criterios de cualificación resultan adecuados.

- Se os aspectos transversais da programación e o Plan dixital, Plan de lectura, etc. se traballaron durante o curso.

- Se se realizaron as actividades complementarias programadas.

- Propostas de mellora, se se considera oportuno.

Farase un modelo resumo no que se consignarán os criterios de cualificación, os programas de recuperación de pendentes, as medidas de atención ás diversidade, a promoción e titulación, así como o outorgamento de matrícula de honra/mención honorífica. Este modelo colgarase na web do centro.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Os criterios para a participación en proxectos, plans e programas baséanse nos seguintes puntos:

- Aqueles que determina a lei: por exemplo, o Plan de igualdade, Plan de lectura, Plan dixital, Proxecto lingüístico, etc.
- Necesidades do centro, por exemplo no correspondente a un maior uso das TIC (grupo de traballo específicos, Polos Creativos, etc.)
- Interese específico para as familias: por exemplo, o programa de Alerta escolar
- Dispoñibilidade horaria e interese do profesorado.
- Algúns proxectos para este curso serán:
 - Faro na Escola (Primaria)
 - Regueifas (ESO)
 - Grupo de traballo no CFR de Vigo (Biblioteca escolar)
 - Educación viaria
 - Actividades do Plan director

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

Consideramos que para realizar unha mellor avaliación da concreción curricular debemos ter en conta as avaliacións do proceso de ensino de da práctica docente.

Ao final de curso unha vez recollidas as avaliacións do proceso de ensino de da práctica docente, na memoria final incluiremos a súa análise e os aspectos a mellorar para o vindeiro curso.

A concreción curricular será revisada, avaliada e modificada en función da información recollida.

Avaliación da concreción curricular (escada 1 a 4)

- A adecuación dos obxectivos das etapas ao contexto do centro acadou as expectativas.
 - A contribución á adquisición das competencias foi efectiva.
 - Seguíronse os criterios para incorporar os elementos transversais.
 - Aplicáronse os criterios xerais sobre a metodoloxía.
 - Seguíronse as indicacións sobre os materiais e recursos didácticos.
 - Tivéronse en conta os criterios para o deseño das actividades complementarias.
 - Aplicáronse os procedementos indicados/modelos para a elaboración dos plans de reforzo e dos plans específicos de reforzo ou peresoadizados e foron avaliados correctamente.
 - Seguíronse os modelos de programación didáctica e foron publicados tanto para o alumnado coma para as familias.
 - Os criterios para a participación en proxectos, plans e programas foron claros e precisos.
- Indicadores de logro do proceso de ensino (escada 1 a 4)
- O nivel sinalado foi adecuado ás características do alumnado.
 - Conseguíuse crear un conflito cognitivo a partir do estudo de ideas previas do alumnado o que favoreceu a aprendizaxe.
 - Conseguíuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
 - Promoveuse a participación activa de todo o alumnado.
 - Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
 - Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
 - Adoptáronse as medidas curriculares e organizativas adecuadas para atender ao alumnado con neae.
 - Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
 - Usáronse distintos instrumentos e procedementos de avaliación.
 - Dáse un peso real á avaliación continuada e reguladora e observouse o traballo na aula durante o proceso.
 - Desenvolvéronse estratexias metodolóxicas para acadar competencias.
 - Valorouse adecuadamente e desenvolvéronse estratexias de traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo.
 - Implementáronse os plans ao longo do curso (lectura, dixital,...)
- Indicadores de logro do proceso da práctica docente (escada 1 a 4)
- Como norma xeral trabállase dende un punto de vista participativo e non transmisivo do ensino.
 - Faise tratamento individualizado cando cómpre, atendendo á diversidade.
 - Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
 - Deséñanse actividades multinivel.
 - Deseñáronse actividades de nivel adecuado, con obxectivos ben definidos, de interese para o alumnado, significativas, funcionais...
 - Elabóranse probas de avaliación adaptadas á diversidade e ao alumnado con neae.

- Combínase o traballo individual e en equipo, primándose a aprendizaxe cooperativa
- Poténcianse estratexias de animación á lectura.
- Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
- Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe.
- Préstase atención aos elementos transversais.
- Aténdese á igualdade entre os sexos, á convivencia, ao coidado do medio e da saúde,...
- Ofrécense ao alumnado posibilidades de autoavaliación e coavaliación e amósanselle os criterios de avaliación de xeito claro.
- Úsanse recursos variados, asequibles, adecuados, suficientes, atractivos e fontes diversas de información.
- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros de forma que regule a súa aprendizaxe.
- Hai implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.
- Existe coordinación real entre o profesorado a nivel horizontal e vertical.
- Hai implicación no deseño e adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.
- As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas á consecución dos obxectivos.
- Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.

o) Outros apartados

1. Aprobación concreción curricular

Este documento foi aprobado polo claustro en data de 30 de setembro de 2025.